

DIA INTERNACIONAL DAS MULLERES CONSELLO MUNICIPAL DE IGUALDADE

Exposición “**Recuperando a Historia das Miñas Veciñas II**”. Concello de Cangas. **Do 2 ao 13 de marzo**. Bibliotecas de Aldán, Hío, Coiro e Darbo. **Do 14 marzo ao 14 de abril**.

Esta exposición está elaborada cos traballos feitos en marzo de 2022 polo alumnado dos Centros Educativos: Ceip Castrillón, Colexio Compañía de María, Ceip O Hío e a Asociación Cultural A Cepa. As Mulleres sobre as que traballaron son: Casilda García Alfaro, Mónica Camaño, María Soliño, Olga Sotelo, Teresa Portela Rivas e Carmen Sotelo Gutiérrez.

Venres 3 de marzo

19:30 Exposición “Mulleres” José Montejano. Música Elena Portela Ríos e Lucía Acevedo Domínguez alumnas do Conservatorio Profesional de Música de Cangas. Sala exposicións Casa da Bola. Ata o 31 de marzo. Organiza Adicam

Mércores 8M

18:00h “**Mulleres de pedra**” con María da Pontragha. Contacontos familiar na Capela do Hospital. Entrada libre.

Mulleres duras coma pedras sempre as houbo e haberá, foron rolando polos camiños as súas historias ata chegar aquí hoxe!! Escoita, escoita....

María da Pontragha é educadora e antropóloga, dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en sí.

20:00h **Manifestación** saída da Praza do Concello
Lectura Manifesto

Xoves 9 de marzo

20:00h Charla “Mulleres na República/Mulleres no Franquismo: a ilusión quebrada” Mari Álvarez Lires. Salón de Plenos do Concello de Cangas. Organiza Asociación Memoria Histórica 28 de agosto.

Venres 10 de marzo

18:00 Proxección película infantil **Raia e o último dragón** en colaboración co Cineclub Cangas. Entrada libre. Auditorio.

Título orixinal: Raya and the last dragon

Ano:2021

Duración: 114´

Dirección: Don Hall, Carlos López Estrada, Paul Briggs, John Ripa



Concello de Cangas

No fantástico mundo de Kumandra, humanos/as e dragóns viviron xuntos fai moito tempo en harmonía. Pero cando as forzas do mal ameazaron o territorio, os dragóns sacrificáronse para salvar a humanidade. Agora, 500 anos despois, esas mesmas forzas malignas retornaron e Raia, unha guerreira solitaria, terá que atopar ao último dragón para reconstruír un mundo destruído e volver unir ao seu pobo.

2021: Premios Oscar: Candidata a mellor película de animación

2021: Globos de Oro: Candidata a mellor filme de animación

2021: Premios Annie: 10 candidaturas, incluíndo mellor película

2021: Critics Choice Awards: Candidata a mellor longametraxe de animación

2021: Sindicato de Productores/as (PGA): Candidata a mellor película de animación

Sábado 11

10:30 Ruta “**Historia das Mulleres de Cangas**” A Illa dos Ratos. (inscrición previa no whatsapp 611080853)

Venres 17

21:00h Proxección documental **María Lejárraga** en colaboración co Cineclub de Cangas. Entrada libre. Auditorio.

Ficha técnica:

Título orixinal: A las mujeres de España. María Lejárraga

Ano: 2022

Duración: 88 minutos

Dirección: Laura Hojman

Documental ficcionado que narra a historia de María Lejárraga, escritora e pioneira do feminismo en España durante os anos 20 do século pasado, cuxa produción viu a luz baixo o nome do seu marido, o empresario teatral Gregorio Martínez. A dramaturga española máis prolífica de todos os tempos, autora de obras como Canción de cuna, levada ao cine en cinco ocasións, ou do libreto de El amor brujo, de Falla, foi ademais deputada pola segunda República e fundadora de proxectos pioneiros para os dereitos e as liberdades das Mulleres.

Premios:

2022. Premios Goya: Candidata a mellor documental

2022. Premios Feroz: Candidata a Feroz Arrebato de non ficción.

Xoves 30 de marzo



Concello de Cangas

18:00h Charla “**Mulleres esquecidas do noso mar**” con Mari Álvarez Lires, Doutora en Química, pertencente ao comité asesor en Igualdade da Universidade de Vigo. Inauguración da exposición "**Achegas das mulleres á sustentabilidade do mar**" e "**O mar das mulleres. Sustentable e produtivo**". Proxecto da Deputación de Pontevedra. Do 30 de marzo ao 28 de abril no Auditorio Xosé Manuel Pazos Varela.

Exposición

Dous proxectos que afondan no papel destacado e, moitas veces invisibilizado, que as mulleres tiveron ao longo da historia na sustentabilidade do mar e no uso responsable dos recursos mariños. Mariscadoras, redeiras, traballadoras da salga e da conserva, investigadoras mariñas e en educación, de hoxe e do pasado tiveron, teñen e terán un papel determinante no uso dos recursos mariños dun xeito responsable que garanta o seu futuro.

A través de vídeos, imaxes, entrevistas e documentación recollida por toda a xeografía galega, este proxecto no que participan a **Deputación Provincial de Pontevedra**, a **Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo** e o **Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar**, coa colaboración do **Museo Massó**, dá voz ás mulleres que teñen o mar como medio de vida para que aporten a súa visión sobre a importancia e os beneficios da conservación dos océanos sustentables.

Proxecto “**Recuperando a Historia das miñas Veciñas III**”. Centros educativos de primaria e secundaria. Mes de marzo

Este proxecto está dirixido aos centros educativos de primaria e secundaria para expresar e sensibilizar ao resto da cidadanía a través dun traballo en rede para visibilizar o traballo daquelas Mulleres que naceron en Cangas ou que desenvolveron o seu traballo en Cangas. Cremos que é importante que os nenos e nenas teñan unha actitude activa nesta proposta comunitaria. As Mulleres escollidas poden ser Mulleres do noso pasado histórico ou Mulleres contemporáneas e serán escollidas no propio centro. A finalidade é dar a coñecer e investigar sobre as Mulleres da nosa contorna e así poder ampliar as persoas referentes. Coas biografías entregadas ao finalizar marzo elaborárase lonas expositivas para dar a coñecer a estas Mulleres ao resto da cidadanía no 2024.

BIBLIOTECAS E LIBRARÍAS



Concello de Cangas

En torno ao 8 de marzo as bibliotecas e as librarías (Wells, Maraxe e A Esmorga) terán espazos dedicados ao Día Internacional das Mulleres e achegarán cos libros os marcapáxinas de “Recuperando a Historia das Miñas Veciñas II”.

Cangas 1 de marzo de 2023